# 1.IDENTIFICACIÓN

## TÍTULO DA TAREFA: NEWS “ESPERTA VOLCÁN”

| | | | |
|---|---|---|---|
| **ETAPA** | Educación Primaria | **NIVEL** | 3º e 4º |
| **ÁREA/S** | Lingua galega, ciencias naturais, ciencias sociais, lingua castelá, educación plástica, primeira lingua estranxeira: inglés. | **MESTRES** | Andrea |

| **DESCRICIÓN DA TAREFA:** |
|---|
| Nesta tarefa coñeceremos que leva a unha erupción volcánica e que efectos ten no medio no que se produce. Ao mesmo tempo simularemos unha erupción volcánica nas maquetas que o propio alumnado realizará con distintos materiais: dende pasta de modelar a papel mache. |

Todo isto levará a creación de dous produtos finais relevantes: por unha banda a revista trimestral do club de letras, on de se recollerán artigos de cada unha das tarefas nos grupos e, por outra banda, a elaboración da sección “News” que se emitirá quincenalmente como parte do programa de radio “A voz de Athenea”.

## XUSTIFICACIÓN DA TAREFA:

Esta tarefa realizarase de forma globalizada e responderá o lema da escola “Pensa globalmente, actúa localmente.” A través da tarefa reflexionaremos sobre o acceso ós distintos obxectivos de desenvolvemento sostible e como se poden ver afectados por fenómenos naturais como pode ser unha erupción volcánica.

Centrarémonos especialmente nos ODS 15 “Vida de ecosistemas terrestres” e o ODS 14 “Vida submarina” e na reflexión de como afectan tanto os fenómenos naturais como a acción do ser humano ó medio ambiente.







## CONTEXTO:

| |
|---|
| Aula de 3º de educación primaria.<br>ÁMBITO CLUB DE LETRAS https://www.youtube.com/watch?v=2geHJJE4txA |

## 2. CONCRECIÓN CURRICULAR (1)

| ACTIVIDADES | ESTÁNDAR 1 | ESTÁNDAR 2 | ESTÁNDAR 3 |
|---|---|---|---|
| **Círculos para a mellora da convivencia.**<br><br>Estes círculos realizaranse ó comezo de cada sesión. | **3º** LCB1.1.2. Aplica as normas sociocomunicativas: escoita atenta, espera de quendas, respecto da opinión dos e das demais.<br><br>**4º:** LCB1.1.2. Aplica as normas sociocomunicativas: escoita atenta, espera de quendas, participación respectuosa. | **3º** LGB1.4.1. Atende as intervencións dos e das demais, en conversas e exposicións sen interromper.<br>LGB1.5.1. Respecta as quendas de palabra nos intercambios orais.<br><br>**4º** LGB1.4.1. Atende as intervencións dos e das demais en actos de fala orais, sen interromper | **3º** LGB1.4.2. Respecta as opinións da persoa que fala.<br>**4º** LGB1.4.2**.** Respecta as opinións da persoa que fala. |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | | LGB1.5.1. Respecta as quendas de palabra nos intercambios orais. | |
| **Observación detida de imaxes e rutina de pensamento: Vexo, penso, pregúntome.**<br><br> | **3º** LGB1.3.1. Participa nunha conversa entre iguais, comprendendo o que di o interlocutor e intervindo adecuadamente.<br><br>**4º** LGB1.3.1. Participa nunha conversa entre iguais, comprendendo o que di o interlocutor e intervindo coas propostas propias. | **3º** EPB1.2.1. Interpreta e valora a información que ofrecen as imaxes no contexto social e comunica as sensacións, elaborando informacións básicas.<br><br>**4º** EPB1.4.1. Interpreta e valora a información obtida de imaxes no contexto social, e elabora e comunica informacións básicas. | **3º** LGB1.5.3. Utiliza a lingua galega en calquera situación de comunicación dentro da aula e valora o seu uso fóra dela.<br><br>**4º** LGB1.6.3. Amosa un discurso oral claro, cunha pronuncia e entoación axeitada e propia da lingua galega. |
| **Estación de aprendizaxe 1:**<br><br>As capas da Terra. | **3º:** CSB2.3.1.Identifica, nomea e describe as capas da Terra.<br><br>**3º** LCB2.3.3. Activa coñecementos previos axudándose deles para comprender un texto. | **3º:** LGB2.1.3. Busca, localiza e selecciona información concreta dun texto sinxelo.<br>**4º** LGB2.1.3. Busca, localiza e selecciona información concreta dun texto sinxelo, adecuado á súa idade. | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | **4º** LCB2.3.3. Activa coñecementos previos axudándose deles para comprender un texto. | | |
| **Estación de aprendizaxe 2:**<br><br>As placas tectónicas<br><br>*Estrutura 1 – 2- 4* | **4º:** CSB2.1.1 Coñece e define a formación da litosfera e a dinámica de placas tectónicas e as súas consecuencias. | **3º** LGB2.3.1. Realiza o subliñado das ideas principais dun texto sinxelo.<br><br>**4º** LGB2.3.1. Realiza o subliñado das ideas principais dun texto sinxelo. | |
| **Estación de aprendizaxe 3:**<br><br>Que é un volcán, cales son as súas partes e como entra en erupción.<br><br>*Estrutura 1 – 2- 4* | **3º:** CSB2.3.2. Explica que é un volcán e que acontece cando entra en erupción e nomea algunha medida para previr danos.<br>CNB1.1.1. Busca, selecciona e organiza a información importante, obtén conclusións e comunica o resultado de forma oral e escrita de maneira ordenada, clara e limpa, en diferentes soportes.<br><br>**4º** CNB1.1.1. Busca, selecciona e organiza a información importante, | **3º** LGB2.1.2. Identifica as ideas principais dun texto sinxelo (narrativo, descritivo, expositivo).<br><br>**4º** LGB2.1.2. Identifica as ideas principais dun texto (narrativo, descritivo, expositivo) adecuado á súa idade.<br><br>LCB2.3.2. Identifica as palabras clave dun texto. | **3º:** LGB3.6.2. Ilustra creativamente os seus textos con imaxes redundantes co seu contido.<br><br>**4º** LGB3.6.1. Usa recursos sinxelos gráficos e paratextuais (ilustracións, subliñados, gráficos e tipografía) para facilitar a comprensión dos textos e ilustrar o seu contido |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | obtén conclusións e comunica o resultado de forma oral e escrita. | | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| **Estación volcánica 5:**<br><br>Introduce yourself. | **3º: PLEB5.2**. Utiliza as rutinas de saúdo e despedidas e diríxese aos demais utilizando as fórmulas de cortesía básicas (hello, goodbye, see you...).<br><br>**4º PLEB2.8**. Amosa unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira nas diferentes situacións comunicativas. | **3º PLEB5.1.** Pregunta e responde para dar/obter información en conversas básicas (nome, idade, actividades, favoritas e gustos) sobre si mesmo e sobre os demais.<br><br>**4º PLEB2.2**. Pregunta e responde para dar/obter información en interaccións cotiás. | |
| **Rutina de pensamento:** Ponlle un titular<br><br><br><br>Estrutura: Folio xiratorio | **3º PLEB4.4.** Completa un formulario en liña con seus datos e dos e das demais (nome, apelido e idade...).<br><br>**4º PLEB4.4.** Completa un formulario en liña cos seus datos persoais e dos e das demais (nome, apelido, idade...). | **4º LGB3.3.1.** Elabora por escrito textos moi sinxelos do ámbito académico (cuestionarios, resumos, informes sinxelos, descricións, explicacións...) para obter, organizar e comunicar información. | **3º LCB3.5.1.** Exprésase, por escrito, evitando unha linguaxe non sexista e non respectuosa coas diferenzas.<br><br>**4º LCB3.6.1.** Exprésase por escrito, utilizando de xeito habitual, unha linguaxe non sexista e respectuosa coas diferenzas. |

| | | | |
|---|---|---|---|
| **Visionado de vídeo e preguntas de comprensión** | **3º LGB1.3.4.** Participa no traballo en grupo.<br><br>**4º LGB1.3.4.** Participa no traballo en grupo, así como nos debates. | **3º** LCB1.5.3. Responde preguntas sinxelas correspondentes á comprensión literal.<br><br>**4º** LCB1.5.3. Responde preguntas correspondentes á comprensión literal. | **4º** CNB1.**1.2.** Expresa oralmente e por escrito, de forma clara e ordenada contidos relacionados coa área manifestando a comprensión de textos orais e/ou escritos. |
| **Buscar información sobre algún volcán coñecido e encher unha pequena ficha técnica sobre o mesmo.** | **3º CSB1.1.1**.Busca información (empregando as TIC e outras fontes directas e indirectas), selecciona a relevante, a organiza, analiza, obtén conclusións sinxelas e as comunica oralmente e/ou por escrito.<br><br>**4º CSB1.1.1.**Busca información (empregando as TIC e outras fontes directas e indirectas), selecciona a información relevante, a organiza, analiza, obtén conclusións sinxelas e as comunica oralmente e/ou por escrito. | **3º** LCB 1.9.1. Emprega de xeito efectivo a linguaxe oral para comunicarse e aprender: escoita e pregunta para asegurar a comprensión.<br><br>**4º** LCB1.8.1. Emprega de xeito efectivo a linguaxe oral para comunicarse e aprender: escoita, recollida de datos, pregunta e repregunta. | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| **Organización e gravación do** Estruturación do contido e reparto das seccións. Todo o alumnado do ámbito estará involucrado. **programa de radio.** | **3º** LGB1.5.5. Exprésase cunha pronuncia e dicción correctas.<br><br>**4º** LCB1.2.2. Exprésase cunha pronunciación e unha dicción correctas: articulación, ritmo, entoación.<br>LGB1.10.1. Interésase por expresarse oralmente coa pronuncia e entoación adecuada a cada acto comunicativo. | **3º** LGB1.3.3. Elabora e produce textos orais sinxelos (explicacións, breves exposicións, narracións curtas...) presentando as ideas cunha coherencia lineal elemental e responde preguntas aclaratorias elementais sobre o seu contido.<br><br>LGB1.6.1. Elabora un discurso oral coherente, utilizando un vocabulario adecuado á súa idade.<br><br>LGB1.7.1. Elabora textos orais sinxelos propios dos medios de comunicación mediante simulación.<br><br>**4º** LGB1.6.1. Planifica e elabora un discurso oral coherente, na secuencia de ideas ou feitos utilizando un vocabulario adecuado á súa idade. | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | | LGB1.7.1. Elabora textos sinxelos propios dos medios de comunicación mediante simulación. | |
| **Elaboración da maqueta do volcán e erupción do mesmo.** | **3º** EPB2.1.3. Manexa material diverso nas producións plásticas, explorando diversas técnicas e actividades manipulativas.<br><br>**4º** EPB2.1.11. Utiliza diferentes materiais e texturas (arxila, tecidos, papel etc.) para as súas creacións plásticas. | **3º** EPB2.2.1. Coida e utiliza adecuadamente os recursos de traballo.<br><br>**4º** EPB2.5.1. Desenvolve hábitos de orde e limpeza, e usa de forma responsable e axeitada os materiais, os instrumentos e os espazos. | |
| **Metacognición** | **4º** CNB1.1.5. Reflexiona sobre o traballo realizado, saca conclusións sobre como traballa e aprende e elabora estratexias para seguir aprendendo. | **3º** CSB1.1.2.Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas coidando a súa presentación, ten iniciativa na toma de decisións e asume responsabilidades.<br><br>**4º** CSB1.1.2.Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | | tarefas, ten iniciativa na toma de decisións e asume responsabilidades. | |

# 3. TRANSPOSICIÓN DIDÁCTICA (1)

| ACTIVIDADES | EXERCICIO 1 | EXERCICIO 2 | EXERCICIO 3 | EXERCICIO 4 |
|---|---|---|---|---|
| **1. Círculo**<br><br>Respondemos a unha pregunta distinta en cada sesión. Todo o alumnado debe participar. Ademais, farase un breve resumo do que se abordará durante a sesión. | Que programa de radio ou podcast acostumas escoitar? | Que pode provocar unha erupción volcánica na contorna? | Que noticia sobre a erupción do volcán de Cumbre Vieja te chamou máis a atención? | Que obxectos salvarías se tiveras que evacuar a túa casa? |
| **2. Rutinas de pensamento**<br><br>**Vexo, penso, pregúntome.** | Escoitamos un vídeo e intentamos adiviñar, só polo son, de que se trata. | Observamos dúas imaxes durante 3 minutos tratando de recordar o máximo número de detalles.   | En equipos base realizamos a rutina: vexo, penso, pregúntome. | Posta en común da actividade. |
| **3. Estación 1**<br><br>As capas da Terra | Lemos as instrucións. | Lemos o texto e visionamos un vídeo. | Realizamos un mapa mental e un organizador gráfico coa información. | Padlet: actividades de ampliación. |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **4. Estación 2**<br>Placas tectónicas | Lemos as instrucións | Lemos o texto. | Actividade interactiva. | Puzzle co mapa das placas tectónicas. |
| **5. Estación 3**<br>Que é un volcán? | Lemos as instrucións. | Seleccionamos as ideas principais do texto. | Elaboramos un mapa mental seguindo a plantilla dada. | Debuxo coas partes máis relevantes. |
| **6. Estación 4**<br>Introduce yourself | Escoitamos as instrucións dadas pola asistente de conversa ou a mestra. | Practicamos unha situación comunicativa na que temos que presentarnos, dicir a nosa idade e de onde somos. | Facemos o noso “Press ID”. | Padlet: actividades de ampliación. |
| **7. Rutina de pensamento**<br>Ponlle un titular<br>Estrutura: folio xiratorio. | Escribir un titular co que anunciar información de interese para o alumnado relacionada cos contidos traballados durante o ámbito. | | | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **8. Visionado de vídeo sobre o traballado.** | Lectura das preguntas ás que se lle dará resposta no vídeo. | Visionado do vídeo (2 veces). Recollerase a información na segunda volta. | Posta en común das respostas. | |
| **9. Elaboración dunha ficha técnica sobre un volcán recoñecible.** | Lectura da ficha en gran grupo e aclaración das posibles dúbidas. | Busca de información guiada a través dos recursos do Padlet nos equipos base. | Elaboración dun soporte para a presentación da información (en papel ou dixital) que resulte atractivo. | |
| **10. Elaboración do programa de radio.** | Realización da escaleta en gran grupo. | Distribución dos roles. | Presentación e gravación do programa. | |
| **11. Elaboración da maqueta do volcán e erupción do mesmo.** | Elaboración da maqueta con pasta de modelar. | Pintamos a maqueta. | Propiciamos unha reacción química que simule a erupción. | |
| **12. Metacognición.** | Caderno de equipo. Analizamos o nivel de cumprimento dos compromisos. | | | |

# 4. TRANSPOSICIÓN DIDÁCTICA (2)

| ACTIVIDADES | ESCENARIO | AGRUPAMENTO | RECURSOS DIDÁCTICOS | TEMPORALIDADE |
|---|---|---|---|---|
| **Círculos para a mellora da convivencia.**<br><br>Estes círculos realizaranse ó comezo de cada sesión. | Aula | Gran grupo<br>(toda a aula) | Obxecto da palabra. | 10 minutos<br>Inicio de todas as sesións. |
| **Observación detida de imaxes e rutina de pensamento: Vexo, penso, pregúntome.** | Aula | Grupo | Folla Din-A3 da rutina.<br> | 20 minutos<br>1ª sesión |
| **Estación de aprendizaxe 1:**<br><br>As capas da Terra. | Aula | Equipos base | Instrucións da estación.<br>Lámina para cumplimentar<br>QR con acceso ó Padlet que contén actividades de ampliación.<br>Tablet: visonado de vídeo | 30 minutos<br>1ª e 2ª sesión |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **Estación de aprendizaxe 2:**<br><br>As placas tectónicas | Aula | Equipos base | Instrucións da estación.<br>Tablet<br>QR con acceso á actividade interactiva que haberán de realizar e ó Padlet que contén actividades de ampliación.<br>QR co audio do texto que teñen que ler.<br>. | 30 minutos<br>1ª e 2ª sesión |
| **Estación de aprendizaxe 3:**<br><br>Que é un volcán, cales son as súas partes e como entra en erupción. | Aula | Equipos base | QR con acceso ó Padlet que contén actividades de ampliación.<br>QR co audio do texto que teñen que ler.<br>Instrucións da estación<br>Organizador gráfico da información. | 30 minutos<br>1ª e 2ª sesión |
| **Estación volcánica 5:**<br><br>Introduce yourself. | Aula | Equipos base | Fotos<br>Press IDs<br>Asistente de conversa | 30 minutos<br>1ª e 2ª sesión |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **Rutina de pensamento:** Ponlle un titular | Aula | Individual e equipos base | <br>Folla Din-A3 da rutina. | 15 minutos<br>3ª sesión |
| **Visionado de vídeo e preguntas de comprensión** | Aula | Gran grupo e individual | Encerado dixital<br>Vídeo<br>Folla coas preguntas de comprensión. | 30 minutos<br>3ª sesión |
| **Buscar información sobre algún volcán coñecido e encher unha pequena ficha técnica sobre o mesmo.** | Aula | Equipos base | Tablets<br>Padlet para realizar unha busca guiada.<br>Ficha para o rexistro da información. | 1 hora e cuarto<br>3ª e 4ª sesión |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **Organización e gravación do programa de radio.** | Aula | Gran grupo | Escaleta da sección.<br>Gravadora de audio. | 1 hora.<br>30 minutos na 3ª sesión e 30 minutos na 4ª sesión |
| **Elaboración da maqueta do volcán e erupción do mesmo.** | Aula e patio | Equipos base e gran grupo | Pasta de modelar<br>Témperas<br>Esponxas e pinceis<br>Cartón<br>Vinagre, bicarbonato, keptchup, mentos e Coca Cola. | 2ª, 3ª e 4ª sesión.<br>2 horas. |
| **Metacognición** | Aula | Individual<br>Equipos base<br>Gran grupo | | 20 minutos<br>4ª sesión |

# 5. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

## Lista de cotexo

| ESTÁNDAR | SI | NON |
|---|---|---|
| **3º e 4º** LGB1.4.1. **Atende as intervencións dos e das demais, en conversas e exposicións sen interromper.**<br>**3º e 4º** LCB1.1.2. **Aplica as normas sociocomunicativas: escoita atenta, espera de quendas, respecto da opinión dos e das demais.** | | |
| **4º** LGB1.5.1. **Respecta as quendas de palabra nos intercambios orais.**<br>**3º e 4º** LCB1.1.2. **Aplica as normas sociocomunicativas: escoita atenta, espera de quendas, respecto da opinión dos e das demais.** | | |
| **3º** e 4º **LGB1.4.2. Respecta as opinións da persoa que fala.** | | |
| **3º LGB1.3.1. Participa nunha conversa entre iguais, comprendendo o que di o interlocutor e intervindo adecuadamente.**<br>**4º LGB1.3.1. Participa nunha conversa entre iguais, comprendendo o que di o interlocutor e intervindo coas propostas propias.** | | |

| | | |
|---|---|---|
| 3º LGB1.5.3. Utiliza a lingua galega en calquera situación de comunicación dentro da aula e valora o seu uso fóra dela.<br>4º LGB1.6.3. Amosa un discurso oral claro, cunha pronuncia e entoación axeitada e propia da lingua galega. | | |
| 3º: CSB2.3.1.Identifica, nomea e describe as capas da Terra. | | |
| 3º: CSB2.3.2. Explica que é un volcán e que acontece cando entra en erupción e nomea algunha medida para previr danos.<br>1. Proporciona medidas para previr os danos do volcán.<br>2. Nomea algúns dos danos que pode provocar unha erupción. | | |
| 4º: CSB2.1.1 Coñece e define a formación da litosfera e a dinámica de placas tectónicas e as súas consecuencias.<br>1. Coñece que é a litosfera.<br>2. Recoñece e identifica as distintas capas da litosfera.<br>3. Explica que son as capas tectónicas e como se moven.<br>4. Nome as consecuencias do movemento das placas tectónicas. | | |

# Rúbrica

| ESTÁNDAR | INDICADOR | EXCELENTE (4) | BEN (3) | CON AXUDA (2) | PRECISA MELLORAR (1) |
|---|---|---|---|---|---|
| **3º e 4º LGB2.1.3. Busca, localiza e selecciona información concreta dun texto sinxelo.** | Busca información dun texto. | Busca e selecciona información dun texto empregando estratexias como o subliñado. | Busca información dun texto de forma autónoma. | Busca información dun texto con lectura fácil e axudándose da axuda das mestras. | Busca información nun texto pero precisa que lle segmenten o texto, que lle proporcionen guías moi concretas e guía constante. |
| **3º e 4ºLGB2.1.2. Identifica as ideas principais dun texto sinxelo (narrativo, descritivo, expositivo). 3º e 4º** LGB2.3.1**. Realiza o subliñado das ideas principais dun texto sinxelo.** | Identifica as ideas principais dun texto. | Identifica as ideas principais dun texto de maneira autónoma. | É quen de identificar moitas das ideas principais dun texto mais non todas. | Coa axuda de certas adaptacións é quen de identificar moitas ideas principais do texto. | Identifica algunha idea principal coa axuda das mestras. |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **4º LCB2.3.2. Identifica as palabras clave dun texto.** | Identifica as palabras clave dun texto. | É quen de identificar a meirande parte das palabras claves do texto. | Identifica algunhas das palabras claves dun texto coa axuda dos compañeiros. | Coa axuda das mestras é identifica algunhas das palabras clave. | Identifica palabras clave que teñen pouca relevancia no texto. |
| **3º EPB1.2.1. Interpreta e valora a información que ofrecen as imaxes no contexto social e comunica as sensacións, elaborando informacións básicas.** | Obtén conclusións dun texto. | Le o texto e realiza xuízos de valor e hipóteses sobre o mesmo. | Le o texto e ofrece unha valoración sobre o mesmo coa axuda dos compañeiros. | Le o texto e dá a súa opinión sobre o mesmo coa axuda da mestra. | Le un texto pero precisa axuda para comprendelo e así proporcionar unha valoración sobre o mesmo. |
| **4º EPB1.4.1. Interpreta e valora a información obtida de imaxes no contexto social, e elabora e comunica informacións básicas.** | Comunica as conclusións ás que chega tras a lectura de maneira oral. | Comunica ás conclusións que obtén despois da lectura de forma clara e estruturada. | Comunica algunhas ideas da lectura coa axuda dos compañeiros. | Comunica as ideas máis importantes coa axuda do texto e das mestras. | Comunica algunha valoración respondendo a preguntas dirixidas da mestra. |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **3º: LGB3.6.2 e 4º LGB3.6.1 Ilustra creativamente os seus textos con imaxes redundantes co seu contido.** | **4º** LGB3.6.1. Usa recursos paratextuais para facilitar a comprensión dun texto. | Subliña as palabras clave e ideas importantes á vez que ilustra o contido dun texto. | Realiza un subliñado acertado das ideas principais do texto. | Ilustra o contido dun texto e con axuda dos compañeiros selecciona algunhas palabras clave e ideas principais. | É quen de ilustrar as ideas principais dun texto e selecciona algunhas palabras relevantes coa guía das mestras. |
| **3º e 4º LGB1.3.4. Participa no traballo en grupo.** | Participa no traballo en grupo. | Participa no traballo en grupo de forma activa e asertiva. | Participa no traballo en equipo, ás veces coa axuda das compañeiras e compañeiros. | Participa no traballo en equipo coa modelación e axuda da mestra. | Mostra pouco interese polo traballo en equipo. |

| ESCALA VALORACIÓN PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE | 1 | 2 | 3 | 4 |
|---|---|---|---|---|
| 1. O nivel de dificultade do traballo na aula foi adecuado ao alumnado? | | | | |
| 2. Creouse un clima de aula favorable cara á aprendizaxe? | | | | |
| 3. Conseguiuse a participación activa do alumnado? | | | | |
| 4. Contouse co apoio e a implicación das familias? | | | | |
| 5. As necesidades do alumnado foron atendidas? | | | | |
| 6. Usáronse diferentes instrumentos de avaliación? | | | | |
| 7. Dáse un peso real á observación do traballo na aula? | | | | |
| 8. Valorouse o traballo en equipo do alumnado? | | | | |
| 9. Elabóranse propostas de traballo de diferentes niveis competenciais para atender á diversidade? | | | | |
| 10. Deuse resposta educativa ao alumnado con NEAE? | | | | |
| 11. Hai unha proporción equilibrada de traballo grupal e individual? | | | | |
| 12. Poténciase a lectura e a comprensión e expresión oral? | | | | |
| 13. Incorpóranse as TIC no proceso de ensinanza-aprendizaxe? | | | | |
| 14. Ofrécese unha retroalimentación axeitada ao alumnado despois da realización do seu traballo? | | | | |